

**PREGUNTA REALIZADA EL 13 DE MAYO DE 2019 A LAS 14.18 HORAS****Pregunta**

Gustaríame saber algo máis sobre o funcionamento de AMTEGA.

Vemos que a superficie correspondente a este uso está diseminada por varios edificios.

¿Este é o funcionamento lóxico de AMTEGA ou podería centralizarse dalgunha maneira?

Resposta

A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) é unha axencia pública autonómica que ten como obxectivos básicos a definición, o desenvolvemento e a execución dos instrumentos da política da Xunta no eido das tecnoloxías da información e comunicacións e a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico.

En atención as súas competencias (entre as que figuran, entre outras, as de deseño e execución, en todas as consellerías e organismos dependentes da Xunta, dos proxectos de sistemas e tecnoloxías da información que dan soporte a súa operativa; o impulso, xestión e coordinación da administración electrónica, como elemento indispensable para a modernización da administración pública; e a dirección, xestión e modernización da infraestrutura TIC da Xunta de Galicia) a ubicación do persoal e infraestruturas da AMTEGA debe responder aos principios de eficacia e eficiencia na prestación dos servizos que lle son propios e no soporte ás distintas consellerías e organismos ubicados no complexo de San Caetano.

Con base nas consideracións anteriores, non se pode rexeitar, a priori, a centralización á que fai referencia a pregunta, se ben a mesma quedaría condicionada á obtención dunha mellora na eficiencia na prestación dos servizos públicos reseñados.